

**ANUNCIO NO TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO E NA PÁXINA
WEB www.paradela.es**

Por resolución da Alcaldía do día 9 de xuño de 2026, aprobouse definitivamente a lista de admitidos e excluídos da convocatoria relativa á contratación no Concello de Paradela, en réxime de persoal laboral temporal, de 2 postos de Peóns forestais, a designación de membros do tribunal e a data de constitución do Tribunal, así como a data e hora de realización das probas, do teor literal seguinte:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE APROBA A LISTA
DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, NOMEAMENTO DO
TRIBUNAL E DATA E HORA REALIZACIÓN DAS PROBAS.**

Enviado o sondaio do Servizo Público de Emprego-Oficina de Sarria, oferta nº 12-2026-5331, en relación ao 2 postos de Peón forestais

De conformidade coas bases da convocatoria, aprobadas xunto coa convocatoria en resolución da Alcaldía do 3 de xuño de 2026, e en virtude do artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, e do artigo 21.1g), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos, dos candidatos presentados e que participan no proceso de selección, que cumpren cos requisitos das bases da convocatoria de 2 postos de Peón forestais.

RELACIÓN DE ASPIRANTES

ADMITIDOS:

ISMAEL LÓPEZ ÁLVAREZ



JOSÉ MIGUEL MARIÑO CASTRO

—**EXCLUÍDOS:**

Ningún.

SEGUNDO. Neste suposto que non é obxecto de exclusión de candidatos, nin é necesario o trámite de emenda polos candidatos que participan no proceso de selección, do que a documentación presentada é correcta, e de acordo co establecido na cláusula quinta das bases que regulan este proceso de selección, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal, data e hora na que se constituirá e data e hora da realización das probas, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es

TERCEIRO. Visto o establecido na cláusula quinta e sexta das bases que regulan este proceso de selección, procedese a designar como membros do tribunal cualificador fixándose a data da súa constitución para o día 12 de xuño de 2026, as 9:00horas:

— Presidente: D. Juan Carlos Abella López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo)

— Suplente: D. José López González, Empregado público do Concello de Touro (a Coruña).

— 1º Vogal: D. José Luis Rodríguez López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D^a. Socorro Pernas Garcia. Empregada pública da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés.

— 2º Vogal: D. Manuel Piñeiro López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D^a. M^a. Cruz Rodríguez Vázquez, Empregada pública do Concello de O Paramo (Lugo).

— 3º Vogal: D^a. Maria Isabel López Fernández, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: Maria José Espín Fontal, Empregada pública do Concello de Triacastela (Lugo).



— Secretaria: D^a. Maria José Golas Moure, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D^a. Ruth López-Mosquera García, Empregada pública do Concello de Mondoñedo (Lugo).

CUARTO. A realización da fase de oposición, terá lugar o día 19 de xuño de 2026, en primeiro lugar o primeiro e único exercicio (proba escrita-tipo test) ás 09:00 horas, na Casa do Concello de Paradela. Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15. 27611 Paradela (Lugo). Trala finalización da proba escrita, o tribunal publicará as puntuacións e aqueles candidatos que superen o primeiro e único exercicio, valoraráselles a continuación a fase de concurso de méritos.

Os candidatos que superando o fase de oposición e que non acreditarán o coñecemento de galego mediante a achega do CELGA 2, en cumprimento do establecido na cláusula terceira e sétima, realizaran a continuación a proba de galego.

QUINTO. Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web a lista definitiva dos aspirantes admitidos, para os efectos oportunos, así como a designación do tribunal e a data de constitución, así como a data e hora da realización das probas..

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en Paradela, na data da sinatura electrónica ao marxe.

A alcaldesa,

A secretaria,

Asdo.: Maria Montserrat Mulet Sar

Asdo.: M^a. Carmen Corral López

Documento asinado ao marxe electronicamente”



Isto faise público, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria do proceso de selección e no artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es, ante a alcaldesa do Concello de Paradela, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

En Paradela na data da sinatura electrónica ao marxe.

A alcaldesa,

Documento asinado ao marxe electronicamente

